

REUNIÓN XERENCIA- COMITÉS DE EMPRESA DE PERSOAL LABORAL DE  
ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

ACTA Nº 10

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

**Xerenta:**

Raquel María Souto García

**Vicexerente de Recursos Humanos:**

José González Groba

**Xefa da Sección de PAS:**

Margarita González Hernández

**Redacción da acta:**

María Isabel Fernández Uría

COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA

Marisa Magaz Ledo (CCOO)

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)- Escusa ausencia

Federico Fernández Fernández (CIG)

Xosé Luciano Otero Camiña (CIG)- Escusa ausencia

Carlos Román Lago (CIG)- Escusa ausencia

Carlos Mollinedo (CIG)

Juan Eduardo Calzado Díaz (escusa ausencia)

Roberto Otero Ledo (CIG)

Marcos Estévez Orge (CCOO)

Alfonso Bascoy Fernández (CCOO)

Margarita Turnes Negreira (CCOO)

Manuel Marcos García (CCOO)

José Estévez Vázquez (CCOO)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG, Presidente )

José Manuel García Eirín (CIG)

Rodrigo Alberte Pivida (CIG)

César Gómez Gómez (CIG)- Escusa ausencia

Miguel Ángel García Barros (UGT)-Escusa ausencia

Os representantes da Universidade e dos Comités de Empresa do PAS laboral mantiveron unha reunión ás 10:15h, do 17 de xuño de 2019 na Xerencia, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación se procede da acta da reunión anterior.
2. Convocatorias dos procesos selectivos das categorías de:

- a) TS Teledocencia
- b) TS I+D
- c) TS Orientación e Promoción do Emprego e Emprendemento
- d) TS de Igualdade
- e) TS TIC

### 3. Rogos e preguntas.

#### 1. Lectura e aprobación se procede da acta da reunión anterior.

Apróbase e asínase a acta da reunión anterior de 02 de maio de 2019.

#### 2. Convocatorias procesos selectivos.

O Vicexerente de RRHH di nas convocatorias achegadas se tratou de corrixir segundo o acordado na anterior reunión. No que se refire ao exame de galego, tomouse como referencia o exame de galego da USC con algunha modificación logo da consulta feita ao Servizo de Normalización Lingüística que advirte da obrigatoriedade de facer ese exame.

O presidente do CEO di que hai dúas cousas que quere destacar: a primeira é que se retire das convocatorias a obriga de ter que sinalar para formar parte dunha futura lista de agarda e a segunda é que se modifique o parágrafo onde di que as probas terán lugar “non antes do 1 de outubro” e figure “non antes do 1 de novembro”.

A presidenta do Comité de Empresa de Pontevedra solicita que se publiquen os temarios con antelación.

A xerenta di que nos vindeiros días se van enviar as convocatorias polo que neste caso non ten moito sentido enviar os temarios antes, posteriormente publicarase o tribunal xunto coas listas provisionais. Engade que está de acordo co presidente do CEO en modificar a data de 1 de outubro por 1 de novembro.

A presidenta do CEPO solicita que no tema 11 da convocatoria de Teledocencia se especifique que redes sociais se esixen.

Federico Fernández di que sería conveniente que na instancia figurara a data de nacemento, por temas de desempate en puntuacións, e que temen se esixa o DNI.

A xerenta está de acordo en que se elimine o de anotarse para figurar nas listas de agarda, polo se quedará incluído por defecto. Por outro lado especificarase mellor o Tema 11 de Redes Sociais da convocatoria de Teledocencia e tentarán repasar as instancias.



### 3. Rogos e preguntas


Luis Pérez fai referencia á necesidade de resolver a cuestión, aínda pendente, da equivalencia de categorías dentro da RPT, motivada nos cambios de denominación realizados nas últimas modificacións desta.

A xerenta di que nas próximas semanas se enviará a relación de prazas afectadas pola estabilización, aclarando que no ano 2018 se produciron 5 xubilacións.

O Vicexerente de Recursos Humanos fai referencia á roupa de traballo explicando que dado que a cantidade ascende a máis de 9.000€ hai que pedir tres presupostos. Estase esperando polo terceiro presuposto e en canto se teña ,farase o pedido esa semana. O vestiario do parque móbil e deportes por ser máis específico e non superar os 9.000€ xa está pedido.

A xerenta di que no referente á modificación do Convenio Colectivo por mor das cambios na lexislación no tema de xubilacións, se vai negociar coa Comisión Negociadora do convenio na vindeira semana.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 11:10h.

Three handwritten signatures in blue ink are visible at the bottom of the page. The first signature on the left is a stylized, somewhat abstract scribble. The middle signature is more legible, appearing to be 'Luis Pérez'. The third signature on the right is also stylized and appears to be 'Luis Pérez'.

